



CONVOCATORIA

CURSO DE TECNICO DE EQUITACION NIVEL I

Formación regulada pola Orde ECD/3310/2002 de 16 de decembro. Solicitárase autorización á Dirección Xeral para o Deporte da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia

Os ensinos de Técnicos Deportivos

A formación dos Técnicos Deportivos está regulada polo Real Decreto 1363/2007 (B.O.E. de 08-11-2007), polo que se configuran como Ensinos de Réxime Especial (ensinos LOGSE), as conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos, apróbanse as directrices xerais dos títulos e dos correspondentes ensinos mínimos.

Os títulos de grao medio e grao superior teñen a equivalencia aos de Grao medio e Grao Superior da Formación Profesional, con validez académica e profesional, dando a posibilidade de convalidar con outros ensinos do ámbito da actividade física e do deporte.

Os títulos de grao superior, dan acceso a determinados estudos universitarios.

Periodo transitorio

Dita situación está regulada pola Orde ECD /3310/2002 de 16 de decembro, pola que se completan os aspectos curriculares e os requisitos xerais das formacións en materia deportiva ás que se refire a disposición transitoria do RD. 1363/2007.

As formacións deportivas que se axusten ao disposto na citada Orde de 16 de decembro poderán obter o recoñecemento a efectos da correspondencia cos ensinos de técnicos deportivos, de acordo co disposto no artigo 21 do RD. 1363/2007.

Durante o período transitorio e ata a implantación dos novos ensinos de técnicos deportivos, as entidades que poderán organizar formacións en materia deportiva acollidas á Orde de 16 de decembro, son os órganos competentes das Comunidades Autónomas, as Federacións Deportivas Españolas e as Federacións Autonómicas.

No caso das Federacións Deportivas, para obter o recoñecemento previsto na norma, os cursos que organicen deberán estar previamente autorizados polo órgano competente en materia deportiva da correspondente Comunidade Autónoma.

Obxectivo xeral da formación.

Os cursos de Nivel I conducen á obtención do diploma de "Técnico de Equitación Nivel I" e teñen por finalidade xeral proporcionar a formación necesaria para:

- Instrución a alumnos na equitación.
- Manexo de cabalos e coidados e mantemento dos equipos e as cortes.
- Dirixir aos xinetes durante a participación en competicións
- Condución de deportistas en actividades ecuestres no exterior.
- Promoción da seguridade na práctica deportiva
- Xestión de instalacións hípicas

Organización.

Convoca:

CENTRO ECUESTRE DEPUTACIÓN DE OURENSE
FEDERACIÓN HÍPICA GALEGA

Colabora:

REAL FEDERACIÓN HÍPICA ESPAÑOLA

Lugar:

Bloque Común y Bloque Específico: Instalacións do Centro Ecuestre da *Deputación de Ourense* en Vilamarín, OURENSE.

Máximo de plazas de alumnos: 20 (O Curso **non** se celebrará con menos de 15 alumnos)

No caso de que o número de aptos na Proba de Acceso fose superior a 20, seleccionaranse aos que obteñan maior puntuación segundo o seguinte Baremo:

- | | |
|---|---|
| | Puntos totais da Proba de Acceso |
| + | Puntos por Licenza pola FHG: 5 puntos/0 puntos |
| + | Puntos por Experiencia acreditada en Ensino da Equitación: 3 puntos/0 puntos |
| + | Puntos por Experiencia acreditada en competición Nacional: 2 puntos/0 puntos |
| + | Puntos por Experiencia acreditada en competición Territorial: 1 punto/0 puntos |

Requisitos para o acceso.

Requisitos xerais:

- Ter 16 anos cumpridos
- Estar en posesión do título de Graduado en ESO ou título declarado equivalente.
- Licenza Deportiva en vigor
- Autorización paterna (e caso de menor de idade)

Requisitos específicos:

En aplicación da Orde de 16 de decembro de 2002, realizaranse probas específicas **de acceso** que teñen por obxectivo avaliar que se teñen adquiridas as destrezas básicas propias da Equitación que permitan asegurar a adquisición das competencias relacionadas cos obxectivos xerais e os contidos da formación das Áreas do Bloque específico.

O CONTIDO E CARACTERÍSTICAS DA PROBA DE ACCESO DETÁLLANSE AO FINAL DESTA CONVOCATORIA

Distribución e duración da formación.

Os contidos desenvólvense nun total de **425 horas** que se organizan nos seguintes Bloques e Áreas ou materias:

BLOQUE COMÚN	Teóricas	Prácticas	Total
Área de Fundamentos Biolóxicos (humano)	22		22
Área do Comportamiento e da Aprendizaxe	20		20
Área de Teoría e Práctica do Adestramento deportivo	12	5	17
Área de Organización e Lexislación do Deporte	6		6
<i>Carga horaria do Bloque Común ...</i>	60	5	65

BLOQUE ESPECÍFICO	Teóricas	Prácticas	Total
Área De Formación Técnica, Táctica e Regulamentos			
Hipoloxía	15	5	20
Manexo e coidado do cabalo e cortes	8	22	30
Técnica da equitación	15	45	60
Deportes hípicas e marchas a cabalo (Fundamentos técnicos e regulamentarios)	35	20	55
Área de Didáctica da Equitación I	15	10	25
Área de Seguridade e Hixiene na práctica da Equitación I	10		10
Área de Desenvolvemento	10		10
<i>Carga horaria do Bloque Específico ...</i>	108	102	205

FORMACIÓN PRÁCTICA	Teóricas	Prácticas	Total
Formación Práctica		150	150
<i>Carga horaria do Bloque Prácticas ...</i>		150	150

<i>RESUMO ...</i>	168	257	425
--------------------------	------------	------------	------------

O periodo de prácticas realizarase en clubs homologados pola FHG unha vez superado o Boque Común e Específico.

Horario e datas do curso

As sesións celebraranse de 9,30 hs a 18,45 hs. Segundo o calendario seguinte:

ABRIL	L	M	X	J	V	S	D
		1	2	3	4	5	6
	7	8	9	10	11	12	13
	14	15	16	17	18	19	20
	21	22	23	24	25	26	27
	28	29	30				

MAIO	L	M	X	J	V	S	D
				1	2	3	4
	5	6	7	8	9	10	11
	12	13	14	15	16	17	18
	19	20	21	22	23	24	25
	26	27	28	29	30	31	

XUÑO	L	M	X	J	V	S	D
							1
	2	3	4	5	6	7	8
	9	10	11	12	13	14	15
	16	17	18	19	20	21	22
	23	24	25	26	27	28	29

12 Abril	- Exame de Acceso
	- Sesións BLOQUE COMÚN
	- Sesións BLOQUE ESPECÍFICO
28 Xuño	- Exame BLOQUE COMÚN
29 Xuño	- Exame BLOQUE ESPECÍFICO

Convocatoria de exames

Haberá dúas convocatorias de exame: unha ordinaria, que terá lugar ao finalizar o período lectivo de cada Bloque e outra de carácter extraordinario.

Avaliación

A avaliación final para a superación do presente curso terá en conta os seguintes aspectos:

- **Avaliación continua de asistencia**, sendo obrigatorio como mínimo asistir ao 80% das clases teóricas e prácticas, excepto nas materias en que os alumnos sexan expresamente dispensados, a condición de que houberan circunstancias acreditadas que o xustifiquen.
- **Avaliación de presentación de traballos** das materias que o requiran.
- **Avaliación final** seguindo o sistema exposto por cada profesor dos coñecementos teóricos e prácticos de cada materia e área de coñecemento.

Diploma acreditativo

Tras a superación do curso e do período de formación práctica, estenderase o "Certificado de Técnico de Equitación Nivel I" (Diploma de Monitor de Equitación).

Solicitudes, prazo e lugar de presentación

Os impresos de solicitude poderán descargarse da páxina web da FHG, www.fhgallega.com

A solicitude de inscrición acompañarase de:

- Dúas fotografías formato de D.N.I.
- Certificado médico
- Fotocopia **compulsada** do D.N.I. ou pasaporte
- Fotocopia **compulsada** do título de Graduado en ESO ou título declarado equivalente
- Xustificante de abono correspondente ás probas de acceso, do expediente e de secretaría
- Memoria Académico Deportiva que servirá para valoración de puntos para a admisión

A solicitude de inscrición xunto á documentación e o pago da cota de inscrición, presentarase na:

FEDERACION HIPICA GALEGA
RUA FOTOGRAFO LUIS KSADO, 17
Edificio Federaciones Deportivas
36209 VIGO
En horario de 10 a 14 e de 16 a 18 horas

Data límite de inscrición: 14.00 horas do venres 4 de abril de 2008

Cotas do curso

A inscrición quedará formalizada coa entrega da solicitude, a documentación e o abono das cotas correspondentes ás probas de acceso, do expediente e de secretaría mediante ingreso ou transferencia bancaria ao número de conta

BANCO POPULAR C.C.C. 0075 – 0645 – 70 - 0600357714.

Superada a proba de acceso abonaranse o resto das cotas nos prazos que próximamente se indicarán.

Cotas de inscrición

Proba de acceso, expediente e Secretaría **100,00 €**

Curso

Dado que el obxectivo da FHG é facilitar a participación dos interesados, o custo do Curso establecerase en función dos asistentes, segundo a taboa seguinte:

Asistentes	15	16	17	18	19	20
Custe *	1.000	950	900	850	800	750

* Este Custe non inclúe a Proba de Acceso

PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO

Obxectivos e contido da proba.

Obxectivos.

Acreditar as aptitudes e destrezas específicas na equitación, necesarias para seguir con aproveitamento o programa de formación de técnicos de equitación.

Contidos das probas.

Proba práctica a cabalo:

- Colocación do equipo básico: enselar, por cabezada, embocaduras, rendas, etc.
- Controlar accións, estribos e cinchas. Montar e botar pé a terra.
- Colocación do asento correctamente aos tres aires.
- Exercicios aos tres aires: paso, trote e galope. Movementos elementais de picadeiro, xiros, voltas, medias voltas, medias paradas, paradas, etc.
- Saltos elementais illados ao trote e galope sobre barras cruzadas, verticais e fondos de altura máxima 0,85 m /0,80 m.

Proba teórica

O aspirante deberá responder igualmente a un cuestionario sobre:

- Coidado diario do cabalo e cortes.
- Coñecemento dos equipos de montar máis comúns.
- Coñecementos elementais da morfoloxía e anatomía do cabalo.
- Coñecementos elementais sobre a técnica da equitación.
- Limpeza do cabalo e equipos.
- Limpeza de cortes.
- Manexo do cabalo.

Tribunal Avaliador

O Tribunal avaliador deberá organizar, desenvolver e controlar a proba de acceso con arranxo ao especificado no presente anexo, terá que estar composto por, polo menos, un Presidente, un Secretario e tres avaliadores en posesión da titulación correspondente.

Cualificación da proba

A cualificación de cada unha das probas teórica e práctica puntuarase de 0 a 10 puntos. Para superar a Proba de Acceso os participantes deberán alcanzar unha puntuación mínima de 5 en cada unha.

Custo da Proba de Acceso

Como se indicou é de 100,00 Euros, e **non** se devolverá aos participantes que non a superen.

CURSO DE TÉCNICO DE EQUITACIÓN NIVEL I

FOLLA DE INSCRICIÓN

Número de licenza:

--	--	--	--	--	--	--	--

Galope:

--

Nome:

DNI:

Apelidos:

Enderezo:

Código Postal:

Cidade:

Teléfono:

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

E-mail:

EXPON:

QUE reunindo os requisitos de idade e académicos,

SOLICITA:

A inscrición no Curso de Técnico de Equitación Nivel I, para o que chega a seguinte documentación:

--

2 Fotografías tamaño DNI

--

Fotocopia **compulsada** do DNI ou Pasaporte

--

Fotocopia **compulsada** do título de Graduado en ESO ou equivalente

--

Xustificante do ingreso da cota de inscrición á Proba de Acceso

--

Memoria Académico Deportiva para valoración de méritos

En _____ a _____ de _____ de 2008

REMITIR A: FEDERACION HIPICA GALEGA

MEMORIA ACADEMICA DEPORTIVA	
<i>Nome</i>	

Anos de experiencia na práctica da equitación	
Experiencia acreditable en competición de Disciplinas Olímpicas	
<i>Concurso completo</i>	
<i>Doma</i>	
<i>Salto</i>	
Experiencia acreditable en competición de Outras Disciplinas Hípicas	

Anos de experiencia en docencia		
<i>IAE / Contrato Laboral</i>	<i>Licenza Federativa</i>	<i>Outros</i>
Os seus alumnos competiron en (disciplina e nivel)		

Titulacións Deportivas e Federativas

Outras actividades no mundo do cabalo ou as ensinanzas deportivas

Experiencia de xestión en clubs, centros ou eventos deportivos

En _____, a ____ de _____ de _____

PROFESORADO POR ÁREAS DE COÑECEMENTO BLOQUE COMÚN

TEORÍA DO ADESTRAMENTO	<u>F. Camiña Fernández e M. Pombo Fernández</u> Doutores en Educación Física e Deportes. Profesores do INEF A CORUÑA
CIENCIAS BIOLÓXICAS	<u>C. M^a Agrasar Cruz e M. Santiago Alonso.</u> Doutor en Medicina . Profesores do INEF A CORUÑA
CIENCIAS DO COMPORTAMENTO	<u>C Carrera López.</u> Licenciado en Educación Física e Deportes. Profesor do INEF A CORUÑA. <u>M. Ezquerro García-Noblejas.</u> Doutora en Psicoloxía. Profesora do INEF A CORUÑA. <u>M^a J. Mosquera González.</u> Doutora en Socioloxía. Profesora do INEF A CORUÑA.
ORGANIZACIÓN E LEXISLACIÓN DEPORTIVA	<u>E. Blanco Pereira:</u> Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Profesor do INEF A CORUÑA.

PROFESORADO POR ÁREAS DE COÑECEMENTO BLOQUE ESPECÍFICO

HIPOLOXÍA	<p><u>Pablo Crecente Maseda</u> Licenciado en Veterinaria</p>
MANEXO E CUIDADO DO CABALO E CORTES	<p><u>Mariano Contreras Sanz</u> Mestre Ferrador</p>
TÉCNICA E DIDÁCTICA DA EQUITACIÓN	<p><u>José Otero Diéguez</u> Profesor de Equitación da U.E.R. <u>María Teresa Jiménez Horwitz</u> Diplomada en Equitación Terapéutica</p>
FUNDAMENTOS TÉCNICOS E REGULAMENTARIOS	<p><u>Enrique Sobral Rodríguez</u> Xuíz Nacional A de Saltos, Xuíz Internacional FEI de Saltos, Comisario FEI de Saltos e de Concurso Completo, Xuíz Nacional de Hunter e Xuíz Nacional de MAPA <u>Christine Rauch</u> Xuíz Nacional B de Doma Clásica. Comisario de Doma Clásica. <u>Fernando Carrillo Cebrián</u> Xuíz Nacional A de Raid, Xuíz Internacional FEI de Raid e Vogal da Comisión de Raid da RFHE <u>Eduardo Brey Abalo</u> Profesor de Equitación da U.E.R. Xuíz Nacional de Doma Clásica. Xuíz Nacional de Concurso Completo. Deseñador de percorridos de Concurso Completo.</p>
SEGURIDADE E HIXIENE NA EQUITACIÓN	<p><u>Miguel Santiago Alonso</u> Doutor en Medicina. Profesor do INEF A CORUÑA</p>
DESENVOLVIMENTO PROFESIONAL	<p><u>Enrique Rey Seijo</u> Responsable de Ensino da FHG <u>Miguel Juane Sánchez</u> Abogado <u>Javier Sieira Nieto</u> Asesor Fiscal</p>